

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE FORMACIÓN EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2025/2026.

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos citados estatutos, poderá ofrecerlle ao seu estudantado bolsas de formación complementaria para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

A Universidade de Vigo e o Banco Santander S.A. (no sucesivo “Santander”) teñen asinado un convenio co obxecto de mellorar a empregabilidade e o acceso a un emprego de calidade.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **6 bolsas** de formación complementaria en centros de investigación que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer un recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

**CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F**

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DA BOLSA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN

1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades cunha forte compoñente de aprendizaxe e adquisición de novas capacidades e destrezas directamente vinculadas á titulación en que se matricula.

Convócanse 6 bolsas distribuídas do seguinte xeito:

- Campus de Ourense:
 - 1 bolsa no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)
- Campus de Vigo:
 - 3 bolsas no Centro de Investigación Mariña (CIM-ECIMAT)
 - 1 bolsa no Centro de Investigacións en Nanomateriais e Biomedicina (CINBIO)
 - 1 bolsa no Centro de Investigación AtlanTTic

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Posuír nacionalidade española, nacionalidade comunitaria acreditando a residencia continuada, ou extracomunitaria acreditando a residencia legal en España no prazo de presentación de solicitudes (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- b) Estar matriculado en centros propios no curso 2025/2026 e durante todo o período de duración da bolsa, nas titulacións de **grao ou máster universitario sinaladas no anexo II, no campus en que se opta á bolsa**. Para estes efectos terase en conta o estado da matrícula a día 16 de setembro de 2025.
- c) No caso de matrícula en Grao ter superados o **50% dos créditos dos estudos de Grao** nos que se matricula. Para estes efectos terase en conta o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo que segundo o calendario académico é o 21 de xullo.
- d) Cumprir os demais **requisitos específicos sinalados no anexo II**. Para estes efectos terase en conta que o último día establecido pola universidade para presentar as actas de xullo segundo o calendario académico é o 21 de xullo de 2025.
- e) Non gozar con anterioridade dunha bolsa de formación complementaria da Universidade de Vigo durante máis de **doce meses**, de forma consecutiva ou discontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas cales conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións*.

3. PLAN FORMATIVO

- a) Obxectivos e competencias que se adquirirán: consonte ao sinalado no anexo II.
- b) Tutores/as responsables:
As persoas bolseiras estarán baixo a titoría das persoas sinaladas no anexo II, as cales se responsabilizarán da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.
- c) Seguimento e avaliación da formación:



A persoa bolsreira deberá entregarlle á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cubrir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.

4. INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou co subsidio por desemprego.

Tamén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFPD e do Goberno Vasco.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

1. A duración máxima do período formativo será de 9 meses e 16 días. Non se iniciará antes do **16 de outubro de 2025 e finalizará o 31 de xullo de 2026**.

2. O número de horas de colaboración será de **15 horas semanais**. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva da persoa bolsreira, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.

3. O disfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro*, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

As persoas bolsreiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación das persoas bolsreiras aos cadros de persoal da universidade.

O período de prestación destas bolsas poderá ser obxecto de recoñecemento de créditos en virtude do disposto na Universidade de Vigo.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas ascenden a un máximo de **23.502,90 €** (a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se podan producir ao longo do período de execución das bolsas), por conta das aplicacións orzamentarias:

- **CITI**
 - 2025 CITI 131H 482.11: **1.039,66 €** (1.006,45 € pola dotación bruta das bolsas e 33,21€ en concepto de cota patronal).
 - 2026 CITI 131H 482.11: **2.877,49 €** (2.800 € pola dotación bruta das bolsas e 77,49 € en concepto de cota patronal).
- **CINBIO**
 - 2025 CIB1 131H 482.11: **1.039,66 €** (1.006,45 € pola dotación bruta das bolsas e 33,21€ en concepto de cota patronal).
 - 2026 CIB1 131H 482.11: **2.877,49 €** (2.800 € pola dotación bruta das bolsas e 77,49 € en concepto de cota patronal).



CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F

- **CIM**

- 2025 CIM1 131H 482.11: **3.118,98 €** (3.019,35 € pola dotación bruta das bolsas e 99,63 € en concepto de cota patronal).
- 2026 CIM1 131H 482.11: **8.632,47 €** (8.400 € pola dotación bruta das bolsas e 232,47 € en concepto de cota patronal).

- **AttlanTIC**

- 2025 ATI1 131H 482.11: 1.039,66€ (1.006,45 € pola dotación bruta das bolsas e 33,21 € en concepto de cota patronal).
- 2026 ATI1 131H 482.11: 2.877,49 € (2.800 € pola dotación bruta das bolsas e 77,49 € en concepto de cota patronal).

para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A dotación económica bruta será como máximo 400 €/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) establecidas na normativa vixente nestas materias.

O “Santander”, de acordo co convenio asinado, financiará 500€ da contía total adxudicada a cada beneficiario/a.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala a persoa bolseira na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa só se aboará a contía proporcional da bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá contía algunha.

Se a actividade desenvolta pola persoa bolseira en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, e co fin de adecuar o pagamento á actividade real realizada nese mes, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13575, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede. No **asunto** indicará “*Bolsas formación Centros de Investigación*” e achegará unicamente o formulario coa solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

Así mesmo deberán inscribirse na web do “Santander” <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/complemento-a-las-practicas-2025-ii-edicion> entre o 2 de setembro e o 27 de outubro de 2025.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte de publicarse esta convocatoria e remata o **31 de xullo de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. As persoas solicitantes establecerán unha orde de prioridade nas bolsas que será vinculante.

4. Xunto coa solicitude deberán subir, de ser o caso, a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

**CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F**

- Certificación académica dos estudos realizados no caso de que se realizasen nunha universidade distinta á de Vigo.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- No caso de estudantado comunitario deberá presentar documento do Rexistro de cidadán/á da Unión Europea.
- No caso de estudantado extracomunitario deberá presentar a tarxeta de identificación de estranxeiro/a na que conste o permiso de residencia (non é suficiente co permiso de estadia por estudos).

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación dos requisitos e dos méritos alegados.

8. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual. De non presentar a emenda entenderase que desiste da súa solicitude tras resolución ditada conforme a *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico: **máximo 6 puntos**
 - i. Para estudantado de continuación de estudos de grao e de máster de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003.
 - ii. Para o estudantado de inicio de estudos de máster nota de acceso.

Ao estudantado procedente do sistema de protección á infancia e adolescencia sumaránselle **2 puntos** a súa nota media.

- b) Nivel de inglés: acreditado mediante ([certificados recoñecidos por ACLES](#)) (so puntúa o nivel superior): **máximo 2 puntos**

A2: 0,5	B1: 0,75	B2: 1	C1: 1,5	C2: 2
---------	----------	-------	---------	-------

- c) Cursos de formación relacionados co plan formativo: **máximo de 2 puntos**.

3. Ao estudantado que teña concedida no curso 2024/2025 unha bolsa MEFPD/GOBERNO VASCO ou "Axudas ao estudo propias da UVigo" concederáselle **1 punto adicional**.

4. A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Vogais: José Manuel García Estévez, director da ECIMAT

Miguel Ángel Correa Duarte, director do CINBIO

Ricardo Javier Bendaña Jácome, director do CITI

Martín Llamas Nistal, director de atlantTic

A comisión poderá convocar con voz e sen voto a outras persoas expertas que considere conveniente para a adecuada avaliación das solicitudes.



CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

5. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

No caso de non adxudicárselle ningunha das opcións solicitadas pasará a formar parte da listaxe de agarda coa puntuación que lle corresponda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na secretaría virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións enviaralle a proposta á Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterà a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución da adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O estudantado con bolsa concedida deberá enviar a bolsasformacion@uvigo.es, no prazo de tres días desde a publicación, o informe de acreditación do número da Seguridade Social descargado da páxina web da Seguridade Social ([pax web SS SS](#)), para proceder a dala de alta na Seguridade Social.

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que se indique na resolución de adxudicación.



A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas e ao titor/a, cun mínimo de 5 días de antelación á data en que se efectuara a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo de maneira presencial conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculado/a na UVIGO durante todo o período de duración da bolsa.
- Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013 do 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf



ANEXO II
BOLSAS CONVOCADAS

CAMPUS DE OURENSE

Unidade	CITI
Tipo bolsa	Analista/programador – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	<p>Competencias que se adquirirán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definición e mantemento de información en forma de repositorios estruturados e ampliables do coñecemento e información de contacto e relación coas empresas. - Mantemento do catálogo de servizos e asesoramento I+D+i que ofrece o CITI. - Mantemento da seguridade da información e das comunicacións nos repositorios e soportes de copia de seguridade. - Xestión dos rexistros de actuacións con entidades públicas e privadas e da documentación relacionada. - Desenvolvemento de ferramentas e técnicas precisas para manter toda a información e procesos dispoñibles e seguros en todo momento.
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado/a en:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Grao en Enxeñaría Informática o Máster Universitario en Enxeñaría Informática
Titor/a	Ricardo Javier Bendaña Jácome, director do CITI
Dedicación	<p>15 horas semanais</p> <p>O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria</p>

Código seguro de Verificación : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F

CAMPUS VIGO

Unidade	CINBIO
Tipo bolsa	Citometría de fluxo – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	<p>Competencias que se adquirirán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecementos técnicos. - Desenvolver a habilidade práctica nun centro de investigación. - Desenvolver a habilidade práctica nun laboratorio de citometría de fluxo. - Ser capaz de deseñar experimentos aplicando os coñecementos técnicos aprendidos para responder á pregunta de partida. - Analizar, interpretar resultados e formular conclusións.
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado en:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Máster Universitario en Bioloxía Mariña o Máster Universitario en Oceanografía o Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada o Máster Universitario en Neurociencia o Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica o Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía o Máster Universitario en Xenómica e Xenética o Máster Universitario en Biofabricación
Titor/a	Mercedes Peleteiro Olmedo, responsable do servizo de Citometría
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Unidade	CIM-ECIMAT
Tipo bolsa	Medio mariño – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	<p>Competencias que se adquirirán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver a habilidade práctica nun centro de investigación. - Adquirir coñecementos técnicos sobre actividades científicas que teñan lugar no medio mariño.
Requisitos específicos	<p>Estar matriculado en:</p> <ul style="list-style-type: none"> o Máster Universitario en Bioloxía Mariña o Máster Universitario en Oceanografía o Máster Universitario en Acuicultura o Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada
Titor/a	José Manuel García Estévez, director da ECIMAT
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Código seguro de Verificación : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



 <p>CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN FECHA : 15/07/2025 09:15 NOTAS : F</p>

Unidade	CIM-ECIMAT
Tipo bolsa	Cultivos mariños – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	Competencias que se adquirirán: - Desenvolver a habilidade práctica nun centro de investigación. - Adquirir coñecementos técnicos sobre as técnicas de cultivo e a mantenza de organismos mariños.
Requisitos específicos	Estar matriculado en: ○ Grao en Bioloxía ○ Grao en Ciencias do Mar ○ Máster Universitario en Bioloxía Mariña ○ Máster Universitario en Oceanografía ○ Máster Universitario en Acuicultura ○ Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada
Titor/a	José Manuel García Estévez, director da ECIMAT
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Unidade	CIM-ECIMAT
Tipo bolsa	Calidade ambiental mariña e histoloxía – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	Competencias que se adquirirán: - Desenvolver a habilidade práctica nun centro de investigación. - Adquirir coñecementos técnicos sobre o procesado histolóxico de tecidos e a calidade ambiental mariña.
Requisitos específicos	Estar matriculado en: ○ Grao en Bioloxía ○ Grao en Ciencias do Mar ○ Máster Universitario en Bioloxía Mariña ○ Máster Universitario en Oceanografía ○ Máster Universitario en Acuicultura ○ Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada
Titor/a	José Manuel García Estévez, director da ECIMAT
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Código seguro de Verificación : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



 <p>CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN FECHA : 15/07/2025 09:15 NOTAS : F</p>

Unidade	AtlanTTic
Tipo bolsa	Formación no centro de investigación AtlanTTic – 1 bolsa
Obxectivos e competencias que se adquirirán	Competencias que se adquirirán: <ul style="list-style-type: none"> - Deseño e desenvolvemento de enconders y RAGs, - Adestramento e validación de ferramentas de IA, programación de ferramentas software finais, capacidade de traballo autónoma, uso de ferramentas para xestión e administración de software e sistemas.
Requisitos específicos	Estar matriculado en: <ul style="list-style-type: none"> o Grao en Enxeñaría de Telecomunicación o Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación
Titor/a	Martín Llamas Nistal, director de AtlanTTic
Dedicación	15 horas semanais O horario determinarase atendendo ás obrigas académicas da persoa beneficiaria.

Código seguro de Verificación : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>





CSV : GEN-0c0c-51a1-63fb-2974-571c-5699-8879-cc91
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 15/07/2025 09:15 | NOTAS : F